



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Expediente	3093/2022
Código SIA	1428772
Procedemento	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos.
Asunto	Proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Capataz, recollida na oferta de emprego público extraordinaria 2022.
Unidade Xestora	Recursos Humanos
Documento	Resolución da Alcaldía
Trámite	Listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as dunha praza de Capataz.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

I. Antecedentes.

1. Mediante resolución da alcaldía núm: 2022-1870 de data 21/12/2022 apróbanse as bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de selección de persoal funcionario e laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal, do concello de Bueu para todos os postos incluídos na OEP extraordinaria 2022 . (CSV: 9D3SZKE4FQ4FAHZN6WMGPLLPL).
2. As bases e convocatoria dos procesos selectivos de referencia foron publicados no BOPPO núm.245 de data 26 de decembro de 2022 de acordo co disposto no artigo 45.1b) da LPAC.
3. Resolución da Alcaldía núm. 2022-1902 de data 27.12.2022 de corrección de erros detectados na Resolución num. 2022-1870 de aprobación de bases e convocatoria do proceso de estabilización de emprego. (CSV:7T9NEDZTJDXGKZDKWTD6D7Z4L), publicado no BOPPO núm 249 de data 30.12.2022.
4. Resolución da alcaldía núm. 2023-0050 de data 16.01.2023 de corrección de erros detectados na Resolución de Alcaldía núm 2022-1902 de data 27/12/2022 de aprobación de bases e convocatoria do proceso de estabilización de emprego . (CSV: 5QWRNLEQZCTCXM7Y4FEC47MCX), publicado no BOPPO núm. 13 de data 19.01.2023.
5. Publicación no Boletín Oficial do Estado núm. 55 de data 06.03.2023 do anuncio da convocatoria para a cobertura de varias prazas no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Bueu concedéndose un prazo de 20 días naturais para a presentación de solicitudes dende o día seguinte á publicación do referido anuncio no BOE.

II. Normativa aplicable e consideracións xurídicas.

1. Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
2. Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local.
4. Real decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
5. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
6. Acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario ao servizo do concello de Bueu (BOP núm. 179 de 17.09.2014)





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

7. Convenio Colectivo do Persoal Laboral ao servizo do Concello de Bueu (BOP núm. 179 de 17.09.2014).
8. Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxente para a redución da temporalidade no emprego público.
9. Bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de selección de persoal funcionario e laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal do concello de Bueu, para todos os postos incluídos na OEP extraordinaria 2022.

Téndose rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación, logo das solicitudes presentadas obrantes no expediente electrónico que resultan das comprobacións efectuadas no rexistro xeral do Concello e no rexistro electrónico, esta alcaldía, en aplicación do disposto na base 5ª das Bases reguladoras dos presentes procesos selectivos, e de acordo coas facultades sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia e resto da normativa concordante,

RESOLVE:

1º. Aprobar a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza, incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria 2022, de Capataz do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Bueu, polo procedemento da disposición adicional 6ª da Lei 20/2021. En consecuencia, declarar admitidos/as provisionalmente as persoas aspirantes presentadas que figuran no Anexo I que se xunta coa presente resolución, a excepción dos que expresamente se exclúen do Anexo I e que figuran relacionados no Anexo II, polos motivos indicados na táboa con lenda explicativa que se detalla no Anexo II.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de dez (10) días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación desta resolución no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica municipal, para subsanar o/ os defecto/os que causou a súa exclusión ou a súa omisión, nos termos do artigo 68 da LPAC.

A listaxe provisional elevarase a definitiva transcorrido o prazo de subsanación se non as houbera. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución estimándoa ou desestimándoa. Unha vez resoltas as reclamacións, o alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica do Concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado Información xeral - Taboleiro de anuncios/Sección Emprego Público), sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do Concello.

2º. Ordear a publicación desta resolución e das listas que figuran como anexos I e II no taboleiro de Edictos e na sede electrónica do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado Información xeral - Taboleiro de anuncios/Sección Emprego Público) sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello.

Documento asinado electronicamente á marxe





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Anexo I.- Listaxe de aspirantes admitidos provisionalmente.

Nº	Aspirantes	DNI
001	BARROS FERNANDEZ, ANA TERESA	***1115**
002	CALVIÑO LOPEZ, MARTIN	***9221**
003	CUENCE RIAL, FRANCISCO	***1683**
004	PIÑEIRO FERRADANES, SALVADOR	***9046**

Anexo II.- Listaxe de aspirantes excluídos provisionalmente.

Non hai aspirantes excluídos.

Motivos exclusión.

1	Instancia con declaración xurada non presentada ou sen asinar.
2	Non achega DNI ou DNI caducado
3	Non achega carnet de conducir B1 ou carnet caducado
4	Non acredita a titulación requirida
5	Falta acreditación pago taxas ou falta da acreditación como demandante de emprego da oficina de emprego, ou da certificación do SEPE de non estar percibindo a prestación por desemprego. * Tal e como se recolle na base 4ª, no caso de non estar exento do pago das taxas, o abono das mesmas debe realizarse dentro do prazo de presentación de solicitudes, polo que a falta de pagamento en prazo ou o pago parcial non é subsanable.

